

GUÍA DIDÁCTICA

HISTORIA DA ARTE

2º DE BACH

OBXECTIVOS

- 1) Comprender e valorar os cambios na concepción da arte e a evolución da súa función social ao longo da historia.
- 2) Entender as obras de arte na súa globalidade, como exponentes da creatividade humana, susceptibles de seren disfrutadas por sí mesmas e de seren valoradas como documento testimonial dunha época e dunha cultura.
- 3) Utilizar un método de análise que permita coñecer con rigor as obras de arte, desenvolvendo á vez a sensibilidade e a imaxinación.
- 4) Recoñecer e diferenciar as manifestacións artísticas máis destacadas dos principais estilos da arte occidental, situándoos no tempo e no espacio e valorando a súa pervivencia en etapas posteriores.
- 5) Coñecer, disfrutar e valorar o patrimonio artístico, contribuíndo de forma activa a súa conservación e rexeitando os comportamentos que o deterioren ou mermen.
- 6) Contribuír á formación do gusto personal, á capacidade do goce estético e ao sentido crítico, e aprender a expresar sentimentos propios ante a contemplación da obra de arte.
- 7) Realizar actividades de documentación e indagación nas que se analicen, contrasten e interpreten informacións diversas sobre aspectos da Historia da Arte.

UNIDADES

- Unidade 1. A arte da prehistoria e das primeiras civilizacións.
Unidade 2. A arte grega. A creación da linguaxe clásica.
Unidade 3. A arte romana. A arte paleocristiá ou a primeira arte cristiá. A arte bizantina.
Unidade 4. A arte musulmá. A arte hispanoárabe .
Unidade 5. A arte prerrománica. O prerrománico español e a súa incidencia en Galicia. A arte mozárabe.
Unidade 6. A arte románica. O románico no Camiño de Santiago. O románico en Galicia.
Unidade 7. A arte cisterciense. A arte gótica. Os precedentes italianos do Renacemento e os primitivos flamencos.
Unidade 8. A arte do renacemento. O Quattrocento italiano: a reformulación da arte clásica clásica.
Unidade 9. O Alto Renacemento. A difusión do Renacemento fóra de Italia.
Unidade 10. Miguel Anxo e o manierismo.
Unidade 11. A arte da Contrarreforma.
Unidade 12. A arte do barroco. O barroco en Italia. A arquitectura clasicista de Francia. A pintura de Flandes e Holanda. O barroco no resto de Europa.
Unidade 13. A arte do barroco en España (o Século de Ouro). O barroco en Galicia.
Unidade 14. Do Neoclasicismo ás vangardas.
Unidade 15. A arquitectura contemporánea.
Unidade 16. A plástica da primeira metade do século XX.
Unidade 17. As tendencias artísticas actuais.

DISTRIBUCIÓN TEMPORAL DAS UNIDADES

1º trimestre (1ª avaliación): unidades 1-2-3-4-5-6-7

2º trimestre (2ª avaliación): unidades 8-9-10-11-12-13

3º trimestre (3ª avaliación): unidades: 14-15-16-17

LIBRO DE TEXTO

ÁLVARO LÓPEZ, MILAGROS, Historia da Arte. Segundo Curso de Bacharelato. Ed. Xerais.

Este libro está dividido en dezasete unidades didácticas ás que antecede, a modo de introdución, un apartado sobre o concepto de arte ao longo dos diversos períodos históricos.

En cada unidade aparecen, ademais, algúns exercicios ou actividades prácticas en apartados encabezados cos seguintes títulos:

Análise e comentario.

Propóñense aquí estudos comparativos dos diferentes temas que trata a unidade, suscitando unha serie de cuestión que axudan o alumnado a irse familiarizando coa análise dunha obra de arte.

O noso vocabulario.

Neste apartado propóñense unha serie de termos técnicos coa idea de que o alumnado vaia elaborando un vocabulario imprescindible para o estudo e comprensión da materia.

Actividade.

Este é un apartado no que se repasan conceptos que axudan ao alumnado a analizar comparativamente plantas, diversos tipos de representacións escultóricas, diversas clases de arcos, etc.

Existen tamén, nalgúns unidades, outros apartados, como o titulado O noso contorno, onde se pretende que o alumnado identifique, no seu lugar de residencia, algúns dos elementos ou aspectos analizados na unidade, ou o que leva por título, Técnicas, no que se van explicando, paso a paso, diversas técnicas de pintura, escultura, etc., tratadas no tema.

CRITERIOS DE AVALIACION

- 1.- Analizar e comparar os cambios producidos na concepción da arte e as súas funcións, en distintos momentos históricos e en diversas culturas.
- 2.- Interpretar obras de arte cun método que permita captar os elementos que as configuran: os intrínsecos (materiais, elementos formais, tratamento e significado do tema) e os extrínsecos (personalidade do artista, condicións económicas, sociais, influencias ideolóxicas...).
- 3.- Identificar e situar cronoloxicamente obras de arte representativas dun momento histórico, sinalando os rasgos característicos máis destacados que permiten a súa clasificación nun estilo artístico determinado.
- 4.- Contrastar e comparar concepcións estéticas e rasgos estilísticos para apreciar as permanencias e os cambios.
- 5.- Identificar e analizar obras significativas de artistas relevantes, con especial atención ás dos artistas españois e galegos, distinguindo os rasgos diferenciadores do seu estilo.
- 6.- Comprender e explicar a presenza da arte na vida cotiá e nos medios de comunicación social, e ponderar a súa utilización como obxecto de consumo.
- 7.- Planificar itinerarios histórico-artísticos, sinalando as obras de arte que se han visitar, recabando e elaborando a información pertinente.
- 8.- Observar e analizar monumentos artísticos e obras de arte en museos e exposicións.

CRITERIOS. CONCRECIÓN

- Situar no tempo e no espazo as principais manifestacións artísticas da Prehistoria.
- Identificar as características da arte parietal da escola franco-cantábrica, especialmente no caso das pinturas de Altamira.
- Recoñecer as características da arte parietal da escola levantina.
- Identificar os principais monumentos megalíticos europeos, a súa función e o seu significado.
- Situar no espazo e no tempo as diferentes etapas da arte exipcia.
- Recoñecer as características da arquitectura do Antigo Exipto.
- Analizar as principais características e a evolución da arquitectura funeraria exipcia.
- Comprender as principais características da escultura exipcia e as súas obras máis significativas.
- Recoñecer a técnica, temática, composición, etc. Da pintura exipcia, así como os seus principais convencionalismos.
- Situar no tempo e no espazo a arte mesopotámica.
- Identificar as principais características da arquitectura e escultura mesopotámicas, así como as súas obras máis importantes.
- Identificar as características das arquitecturas cretense e micénica, coñecendo as súas obras máis salientables.
- Analizar as características da pintura ao fresco cretense, recoñecendo os exemplos máis importantes.
- Explicar o contexto xeográfico e histórico no que se desenvolve a arte grega.
- Recoñecer as partes dun templo grego, tanto en planta como en alzado.
- Diferenciar as ordes arquitectónicas gregas e as súas características. Coñecer exemplos de templos de cada unha destas ordes.
- Recoñecer a Acrópole de Atenas e os seus monumentos, indicando as súas características.
- Analizar a orixe e a evolución da escultura grega, as súas etapas e recoñecer as obras máis representativas dos seus escultores.
- Explicar o contexto xeográfico e histórico no que se desenvolve a arte romana.
- Diferenciar as ordes arquitectónicas empregadas na arte romana e as súas características.
- Recoñecer as diferentes tipoloxías construtivas romanas e a súa finalidade.
- Recoñecer e saber analizar os principais monumentos romanos.
- Valorar, dentro da escultura romana, a importancia do retrato e do relevo histórico.
- Describir as principais construcións romanas en España e en Galicia.
- Explicar o contexto xeográfico e histórico no que se desenvolve a arte paleocristiá.
- Recoñecer os tipos de plantas, cos nomes das súas partes, dos primeiros edificios cristiás.
- Facer un comentario de calquera lámina que represente algún monumento bizantino, falando das súas características, da finalidade para a que foi feito, etc.
- Identificar o contexto xeográfico e histórico no que se desenvolve a arte bizantina.
- Recoñecer e saber analizar Santa Sofía de Constantinopla.
- Recoñecer e saber analizar os monumentos bizantinos de Rávena.
- Identificar o contexto xeográfico e histórico no que se desenvolve a arte musulmá, e especialmente o referido a arte hispanomusulmá.
- Recoñecer as diferentes partes dunha mesquita e os seus nomes.
- Analizar as etapas da arte musulmá da Península Ibérica.
- Recoñecer as principais características da arquitectura islámica hispana.
- Recoñecer e analizar os principais monumentos musulmáns de España, facendo especial fincapé na mesquita de Córdoba e na Alhambra de Granada.
- Explicar o contexto xeográfico e histórico no que se desenvolven os diferentes estilos artísticos da arte prerrománica europea, facendo especial fincapé na hispana.
- Identificar as características da arquitectura visigoda e os seus principais monumentos, facendo especial fincapé nos de Galicia.
- Recoñecer as características da arquitectura asturiana e os seus principais monumentos.
- Recoñecer as características da arquitectura mozárabe ou de repoboación e os seus monumentos máis significativos, facendo especial fincapé nos de Galicia.

- Identificar o contexto xeográfico e histórico no que se desenvolve a arte románica e, especialmente, o do románico do Camiño de Santiago e da catedral de Santiago de Compostela.
- Recoñecer as principais características da arquitectura románica.
- Recoñecer as principais características da escultura románica.
- Identificar e analizar a escultura da Porta das Praterías e do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela.
- Analizar as características da pintura románica e coñecer as súas principais obras.
- Identificar o contexto xeográfico e histórico da arte cisterciense.
- Recoñecer as características principais da arquitectura cisterciense.
- Recoñecer os principais mosteiros cistercienses de Galicia.
- Facer un comentario de calquera lámina que represente algún monumento ou obra artística gótica, falando das súas características, da finalidade para a que foi feito, dos materiais utilizados, etc.
- Explicar o contexto xeográfico e histórico no que se desenvolve a arte gótica.
- Entender a arquitectura civil como reflexo da puxanza dunha burguesía mercantil.
- Recoñecer e explicar as principais características da arquitectura gótica.
- Identificar as principais características da escultura gótica, comparándoa coa románica.
- Coñecer e analizar os principais monumentos góticos europeos e españois.
- Identificar os pasos da análise dunha obra pictórica.
- Recoñecer e analizar as principais obras dos primitivos italianos e flamencos.
- Entender en que consiste a perspectiva tridimensional lineal ou perspectiva xeométrica.
- Explicar a evolución da pintura e da escultura cara un maior naturalismo, coa paulatina desaparición dos convencionalismos medievais.
- Recoñecer a arte gótica española.
- Analizar o contexto xeográfico e histórico no que se desenvolve a arte do Quattrocento.
- Explicar as principais características da arquitectura renacentista do Quattrocento, e re-
- Identificar e analizar as características da escultura renacentista do Quattrocento, os principais escultores e as súas obras.
- Explicar a evolución da pintura renacentista do Quattrocento.
- Recoñecer as características dos principais pintores do Quattrocento.
- Recoñecer as principais características da arquitectura renacentista italiana do Cinquecento, e os principais arquitectos coas súas obras máis significativas.
- Explicar a evolución da pintura renacentista do Cinquecento.
- Identificar as características dos principais pintores do Cinquecento.
- Identificar a obra arquitectónica, escultórica e pictórica de Miguel Anxo.
- Recoñecer as principais características da arquitec-
- tura manierista, e os principais arquitectos coas súas obras máis significativas.
- Identificar as principais características da escultura manierista, e os principais escultores coas súas obras máis significativas.
- Coñecer as principais características da pintura manierista, e os principais pintores coas súas obras máis significativas.
- Explicar o contexto xeográfico e histórico no que se desenvolve a arte da Contrarreforma.
- Recoñecer as etapas e os principais monumentos da arquitectura renacentista española e as súas características.
- Analizar as características da escultura renacentista española, os principais escultores e as súas principais obras.
- Explicar as características construtivas do mosteiro de San Lorenzo el Real de El Escorial.
- Recoñecer as características da pintura de El Greco
- Explicar o contexto xeográfico e histórico no que se desenvolve a arte barroca, diferenciando o barroco católico do barroco protestante e burgués.
- Recoñecer as principais características da arquitectura e da escultura barrocas
- Explicar as principais escolas pictóricas barrocas, coñecendo os pintores máis representativos, as súas características e as súas obras.
- Explicar o contexto xeográfico e histórico no que se desenvolve a arte barroca española e galega.
- Recoñecer as características da arquitectura barroca española e galega e as súas obras máis importantes.
- Analizar as características da imaxinaria española.
- Recoñecer as características da pintura española do Século de Ouro.
- Explicar o contexto xeográfico e histórico do neoclasicismo.
- Recoñecer as características da arquitectura, escultura e pintura neoclásicas, os seus principais representantes e as obras máis destacadas.
- Comprender o contexto histórico e xeográfico no que se desenvolveu a obra de Goya.
- Explicar a evolución artística do pintor.
- Comprender e analizar a súa obra e a súa transcendencia pictórica.
- Facer un comentario de calquera lámina que represente algunha obra artística pertencente aos seguintes estilos: romanticismo, realismo, impresionismo, cos seus precedentes, e o postimpresionismo, falando das súas características, dos materiais utilizados, da técnica empregada etc.
- Explicar o contexto histórico e xeográfico no que se desenvolven ditos estilos.
- Recoñecer as características das pinturas romántica e realista, impresionista e postimpresionista, os seus principais representantes e as súas obras máis salientables.
- Recoñecer as características do impresionismo na escultura: Rodin
- Facer un comentario de calquera lámina que represente algún monumento arquitectónico pertencente ao historicismo, ao eclecticismo, á arquitectura do ferro, á arquitectura modernista, á escola de Chicago, ao racionalismo, ao funcionalismo, ao organicismo e á arquitectura de fins do século XX, falando das súas características, da finalidade para a que foi feito, dos materiais utilizados, da técnica empregada, etc.
- Explicar o contexto histórico da segunda metade do século XIX e do século XX.
- Identificar e analizar as novas necesidades urbanas e a súa incidencia na arquitectura.
- Analizar a introdución de novos materiais.
- Recoñecer as características da arquitectura do ferro e as súas obras máis representativas.
- Identificar as características do modernismo.

- Explicar as características e significado da obra de Antonio Gaudí.
- Recoñecer as características da arquitectura da escola de Chicago.
- Identificar as características da arquitectura racionalista.
- Recoñecer as características da arquitectura funcionalista.
- Analizar as características da arquitectura organicista.
- Explicar o contexto histórico no que se desenvolven os estilos fauvismo, expresionismo, cubismo, futurismo, dadaísmo, surrealismo, abstracción...
- Recoñecer as características deses estilos.
- Comprender a evolución e as etapas na arte de Picasso.
- Recoñecer as características da pintura abstracta.
- Analizar as características do movemento Dada.
- Comprender e analizar a obra dos principais representantes das vangardas galegas (Carlos Maside, Arturo Souto, Luís Seoane, Laxeiro, Asorey).
- Explicar e analizar a abstracción, o informalismo e a nova figuración en Galicia, coñecendo os seus principais representantes.
- Recoñecer as características dos novos recursos expresivos (cartel, cómic, fotografía, cine).
- Identificar a incidencia das novas tecnoloxías na arte.
- Analizar o mercado da arte na actualidade.

CONTIDOS MINIMOS

PRIMEIRA AVALIACIÓN:

Tema 1.-A Arte da Prehistoria e das primeiras civilizacións.

Aínda que nas recomendacións da CIUG se comeza a partir do tema seguinte, é importante ler, visualizar e contextualizar todo o referente á arte prehistórica e ás primeiras civilizacións occidentais (Exipto e Mesopotamia).

Tema 2.- A Arte Grega.

A arquitectura grega: asordes arquitectónicas. O templo. A Acrópole de Atenas. A evolución da escultura grega. Concepto de “canon”. Etapas da escultura e a súa evolución.

Tema 3.- A Arte Romana.

A arquitectura: caracteres xerais. A cidade romana. Tipoloxías constructivas. A arte paleocristiá: A Basílica e as súas características. A arte bizantina: Santa Sofía de Constantinopla.

Tema 4.- A Arte Musulmá.

Arte hispanoárabe: a Mesquita de Córdoba .Fases da construción. Características e orixinalidade da arte islámica.

Tema 5.- O Prerrománico como precedente e descubrimento de tipoloxías e características da arte medieval.

O Visigodo, o Mozárabe e o Asturiano.

Tema 6.- O Románico.

A Arte Románica como primeira definición de Occidente

A Arquitectura do Camiño de Santiago: A Catedral compostelana. A portada románica: A Porta das Praterías e o Pórtico da Gloria.

Caracterización da escultura e pintura románicas como paradigma da arte europea.

Tema 7.- O Gótico.

A arquitectura gótica como expresión da cultura urbana

As características constructivas: a catedral de León.

A portada gótica: a humanización das artes figurativas. Pórtico Real de Chartres e Anunciación e Visitación de Reims.

As innovacións na pintura: Giotto e Van Eyck. Italia e Flandes.

SEGUNDA AVALIACIÓN:

Tema 8.- O Quattrocento Italiano: unha nova linguaxe artística.

Os precursores: Brunelleschi, Donatell e Massacio.

A segunda xeneración: Alberti, Mantenga e Botticelli.

Tema 9.- O periodo clásico do Renacemento.

Bramante, Leonardo da Vinci e Rafael.

Tema 10.- Desenvolvementos artísticos no Cinquecento.

Miguel Anxo. O Manierismo. A Escola Veneciana. Tiziano.

Tema 11.- O Renacemento en España: O Escorial. O Greco.

Tema 12.- A Arte da Contrarreforma: o Barroco. A Roma barroca: Bernini e Borromini.

O urbanismo barroco en España. O Barroco Compostelán.

Tema 13.- A pintura barroca.

O tenebrismo de Caravaggio.

Velázquez.

A pintura nos Países Baixos: Rubens e Rembrandt.

TERCEIRA AVALIACIÓN:

Tema 14.- Do Neoclasicismo ás vangardas.

Do Neoclasicismo ao Realismo: David, Delacroix, Courbet. Goya: paradigma de artista contemporáneo.

O Impresionismo. Monet, Renoir, Degas.

O Postimpresionismo: Cezanne, Van Gogh e Gauguin.

Tema 15.- A arquitectura contemporánea.

A Revolución Industrial e as novas necesidades urbanas. Arquitectura historicista e novos materiais.

O Modernismo. Gaudí.

Le Corbusier e o funcionalismo. Wright e o organicismo.

Tema 16.- A plástica da primeira metade do XX. As Vangardas.

O fauvismo. Matisse. O expresionismo. O cubismo: Picasso.

Dadaísmo, surrealismo e abstracción.

As vangardas galegas. Seoane, Asorey, Laxeiro.

Tema 17.- As tendencias artísticas da segunda metade do XX.

O expresionismo abstracto. J. Pollock. O informalismo. Tàpies. O pop art. O hiper-realismo. A. López.

A panorámica galega. Labra, Lugrís, Quessada, Sucasas.